

Decálogo

PROTECCIÓN DE DATOS



Datos persoais

Son datos persoais do alumnado o nome e apelidos, teléfono, enderezo, correo-e, as cualificacións, as ausencias, datos de saúde e imaxe.

Son tamén datos moi protexidos os relativos á relixión, orixe racial, e condición sexual.



Ferramentas corporativas

É a nosa obriga empregar exclusivamente ferramentas institucionais como

- Moodle
- correo edu.xunta.gal
- CiscoWebex (edu.xunta.gal)
- Xade/Centrosnet



Aplicacións externas

Se decidimos empregar aplicacións externas, **non** podemos rexistrar ao alumnado nelas. Debemos acceder dende a páxina web e con códigos de uso único, xa que é a opción máis anónima e restritiva. Non podemos formar grupos de whatsapp co alumnado.



Deber de sixilo

O deber de sixilo é esencial para garantir o dereito á protección de datos.

Para as comunicacións a máis dunha persoa destinataria utilizarase a opción "Con copia oculta" (BCC/CCO) para protexer a privacidade.



Fichas

Temos autorización para empregar as fichas en papel do alumnado no comezo do curso escolar. Podemos pedirles foto e datos como o móbil, correo electrónico e enderezo.

Outros datos, como a súa ocupación, non procede solicitalos, pois non son necesarios para o obxectivo pedagóxico.



Publicación de documentos

Os datos persoais **non** se poden publicar na páxina web do centro.

As convocatorias de exames publicaranse

- na aula virtual do centro
- a través de Centrosnet.
- nos taboleiros do centro, pero só durante o período no que se está a examinar



Difusión de imaxes

Nas imaxes para blogs ou redes sociais captaránse planos xerais e desde unha perspectiva que limite a posibilidade de identificar ás persoas que aparecen nelas. Se alguén non quere aparecer, pode solicitar que se lle elimine ou pixele. Para aparecer nas actividades do centro sen esas limitacións debemos solicitar o consentimento.



Custodia dos datos

Toda a documentación, incluídas copias, que obre en poder do profesorado e que inclúa datos persoais deberá estar convenientemente gardada (en armarios pechados con chave). Destruirase coa periodicidade estipulada.



Clases en liña

A retransmisión das clases en liña só pode ser accesible ao profesorado e alumnado ao que van dirixidas. Non está autorizada a difusión nin a grabación das mesmas por ningunha das partes. A ferramenta de referencia será o CiscoWebex corporativo.



Grabación da voz

Se decidimos grabar a voz do alumnado, logo poderíamos subila á unha contorna segura como a AV e con fins pedagóxicos. Aínda así, recoméndase solicitar o consentimento. Ao realizar avaliación entre pares, debemos facer uso sempre de datos anónimos.